

## EQUIPO DE NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL

### ÁREA DE COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Logra un esbozo da figura humana.
- Discrimina silencio-son.
- Expresa e identifica nel/a mesmo/a as distintas emocións.
- Realiza encaixes e crebacabezas.
- Gústalle participar en xogos con exercicio motor.
- Distingue as distintas rutinas.

### ÁREA DE COÑECEMENTO DO ENTORNO

- Realiza exploracións e experimentacións cos materiais que se lle ofrecen.
- Pode ordear un conxunto de obxectos empregando distintos criterios (forma, cor, tamaño...).
- Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado.
- Asocia algúns números coas cantidades que representan.
- Identifica os diferentes usos e funcións dos números.
- Resolve situacións problemáticas localizando datos numéricos.

## EQUIPO DE NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL

- Recoñece e representa as formas xeométricas básicas.
- Iníciouse no emprego do calendario.
- Identifica unha determinada época do ano.
- Representa con debuxos o observado ou experimentado.
- Nomea os membros da súa familia.
- Coñece as rutinas da aula.

### ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Exprésase con frases correctas e terminadas.
- Mantén unha actitude de escoita e respecto cara as demais persoas.
- Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.
- Recoñece que os signos escritos comunican e expresan informacións.
- Asocia producións escritas con significados.
- Escoita con atención a lectura de: contos, poesías, rimas, adiviñas...
- Explora as posibilidades plásticas e creativas con distintos materiais.
- Participa con interese en actividades expresivas musicais.
- Participa e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.
- Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.

## EQUIPO DE NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL

<b>1. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: Abalar Móbil, Whastapp, teléfono.
<b>Cualificación final</b>	Dadas as circunstancias excepcionais mantense a situación do segundo trimestre. Teño constancia de que se fixeron as tarefas enviadas e outras propostas polos pais, sempre baixo a supervisión dos mesmos.

## EQUIPO DE NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL

<b>2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Foron de reforzo, repaso e mesmo ampliación. Consistiron en: rutinas, aprendizaxe de rimas, poesías, trabalinguas, lecto-escritura, números, formas, coloreado, contos, cancións, manualidades, xogos interactivos e psicomotrices.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Globalizada, continua e formativa a través de Abalar Móbil.
<b>Materiais e recursos</b>	Á hora de mandar as tarefas, explícaselle a forma de levalas a cabo e os materiais que van empregar: folios, cartulinas, cores, contos, macarróns, sementes, tesoiras, pinzas, latas de refresco, agullas de la, pedras, la, xices, paus... Tamén se lle explican as formas de levar a cabo os xogos psicomotrices, as visitas a YouTube e os xogos interactivos.

<b>3. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	A través do Abalar Móbil.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

## EQUIPO DE NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL